

ACORDO DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA SOBRE OS PROCEDEMENTOS DE ADMISIÓN AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.

- Curso 2018 – 2019 -

1

O presente acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia (SUG) está baseado na lexislación vixente: Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, (BOE nº 138, de 7 de xuño) polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao; Real Decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro; Orde ECD/42/2018, de 25 de xaneiro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2017/2018; a Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/2018, da avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para curso 2018/2019, e supletoriamente, no que resulten compatible co novo marco normativo, pola Orde de 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia.

O RD 412/2014, de 6 de xuño de 2014 (BOE nº 138, de 7 de xuño), de acordo coa nova redacción do artigo 38 da Lei Orgánica 2/2006 dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) establece que *son as Universidades as que determinan, de conformidade con distintos criterios de valoración, a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao daqueles estudantes que obtivesen a titulación que dá acceso á universidade*, admisión que, segundo o establecido no artigo 2.b) do dito RD 412/2014, pode facerse de forma directa previa solicitude de praza, ou a través de *procedementos de admisión* que as universidades podan utilizar *para valorar os méritos* dos candidatos e candidatas ás prazas ofertadas.

O punto 4 do artigo 7 do RD 412/2014 establece que *as Universidade públicas farán públicos os procedementos* que vaian aplicar para a admisión ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de Grao, *o seu contido, regras de funcionamento e as datas* de realización dos mesmos, así como os *criterios de valoración* e a *súa ponderación e baremos*, e as *regras para establecer a orde de prelación* na adxudicación de prazas que vaian aplicar, cando menos *con un curso académico de antelación*. Así mesmo, o punto 1 do artigo 5 do antedito real decreto establece que a admisión levarase a cabo *con respecto aos principios de igualdade, non discriminación, mérito e capacidade*.

Pola súa banda, o artigo 8 do mesmo real decreto establece que lles corresponde ás Universidades adoptar cantas decisións sexan necesarias para a

aplicación dos ditos procedementos de admisión, así como establecer mecanismos de coordinación entre elas; *podendo acordar a realización conxunta* de todo ou parte dos *procedementos de admisión*, así como o *recoñecemento mutuo dos resultados das valoracións levadas a cabo* nos procedementos de admisión. Ditas decisións deberán ser comunicadas á Conferencia General de Política Universitaria e ao Consejo de Universidades.

O punto 2 do Artigo 3 do RD 412/2014 sinala que, no ámbito das súas competencias, as Administracións educativas poderán coordinar os procedementos de acceso ás Universidades do seu territorio. En consonancia co anterior, o artigo 11 da Lei 6/2013, do 13 de xuño (DOG nº 125, de 3 de xullo de 2013) do Sistema Universitario de Galicia (SUG), establece no seu punto 1 que para os efectos do ingreso nos centros universitarios, **as universidades públicas** integrantes do SUG **constitúense nun distrito único** para os estudos de Grao e Máster.

Do dito nos parágrafos anteriores e de acordo co establecido no convenio asinado polos reitores das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con data do 12 de marzo de 2001, e das competencias conferidas á Comisión interuniversitaria de Galicia (CiUG) polas universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, acórdase que sexa a dita Comisión interuniversitaria a encargada de establecer a normativa relativa aos *procedementos de admisión* ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de Grao do SUG, *o seu contido, regras de funcionamento* e as *datas* de realización dos mesmos, así como os *criterios de valoración* e a súa *ponderación e baremos*, e as *regras para establecer a orde de prelación* na adxudicación de prazas das ensinanzas oficiais de Grao das universidades de Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (Uvigo).

I

Acceso aos estudos universitarios oficiais de Grao no SUG

Segundo o Artigo 3 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, poderán acceder aos estudos universitarios oficiais de Grao nas Universidades españolas, nas condicións que para cada caso se determinen no dito Real Decreto 412/2014, aqueles que reúnan algún dos seguintes requisitos:

1.- Estudantes en posesión do título de Bacharelato ou de títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior pertencente ao Sistema Educativo Español ou equivalente.

A) *Estudantes en posesión do título de Bacharelato do Sistema Educativo Español ou outro declarado equivalente que teñan superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) ou –no seu caso- a Proba de Acceso á Universidade (PAU). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será igual á suma da Nota Media de Bacharelato (NMB) cun valor do 60%, máis a Nota da Fase Obrigatoria da ABAU (NFO) ou, no seu caso, da Nota de Fase Xeral da PAU (NFX) con un valor do 40%.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NMB} \times 0.6 + \text{NFO ou NFX} \times 0.4$$

B) *Estudiantes do sistema educativo español que estivesen en condiciones de acceder á universidade segundo ordenacións do Sistema Educativo Español anteriores á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembre (COU e LOGSE con PAU e COU anterior a 1974-1975, e plans anteriores). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a nota definitiva de acceso (NDA) que tiveren no seu día.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NDA}$$

C) *Estudiantes en posesión dos títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior pertencente ao Sistema Educativo Español. A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será igual a Nota media de su titulación o diploma correspondientes (NMTS).*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NMTS}$$

2.- Estudiantes estranxeiros.

E) *Estudiantes en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e estudantes que obtivesen o **Diploma de Bacharelato Internacional**, expedido pola Organización de Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza). A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

F) *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas o estudos de Bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da **Unión Europea** ou de **outros Estados** cos que se teñan subscrito **acordos internacionais** aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade (China, Suíza, Islandia, Noruega, Liechtenstein e Andorra). Sempre **que cumpran** cos requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidades. A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da credencial (NC) expedida pola UNED ou órgano competente equivalente.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

G) *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, obtidos ou realizados en sistemas educativos de Estados que **non** sexan **membros da Unión Europea** cos que **non** se teñan subscrito **acordos** internacionais para o recoñecemento*

do título de Bacharelato en réxime de reciprocidade, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño. A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) de avaliación ou homologación polo Ministerio de Educación, a UNED ou órgano competente equivalente.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{MECD ou UNED}$$

- H) *Estudiantes estranxeiros en posesión dos títulos diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior pertencente al Sistema Educativo Español, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño. A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) de avaliación ou homologación polo Ministerio de Educación, a UNED ou órgano competente equivalente.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

- I) *Estudiantes en posesión de **títulos, diplomas ou estudos, diferentes** dos equivalentes aos títulos de Bacharelato, Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, ou de Técnico Deportivo Superior do Sistema Educativo Español, **obtidos** ou realizados nun Estado membro da **Unión Europea** ou noutros **Estados** cos que se teñan subscrito **acordos internacionais** aplicables a este respecto, en réxime de reciprocidade, cando ditos estudantes **non cumbran os requisitos académicos** esixidos en dito Estado membro para acceder ás súas Universidades, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño. A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota media de los estudos cursados certificados na credencial da UNED (NC) ou órgano competente equivalente.*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NC} - \text{UNED}$$

3.- Outros colectivos.

- H) *Persoas maiores de vinte e cinco anos (M25) que superen a proba de acceso establecida na Sección 1ª do Capítulo IV do RD 412/2014. A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da súa Proba de Acceso á Universidade para Maiores de 25 anos (NPAU-M25).*

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NPAU-M25}$$

- I) *Persoas maiores de corenta e cinco anos que superen a proba de acceso establecida na Sección 3ª do Capítulo IV do RD 412/2014.* A súa nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota da súa Proba de Acceso á Universidade para Maiores de 45 anos (NPAU-M45).

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NPAU-M45}$$

- K) *Estudantes en posesión dun título universitario oficial de Grado, Máster ou título equivalente e/ou estudantes en posesión dun título universitario oficial de Diplomado universitario, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico, Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias ou título equivalente.* A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a nota media do título universitario oficial correspondente (NMTU) ou, no seu caso, a nota media resultante das notas medias dos títulos universitarios oficiais correspondentes.

$$\text{NAU} (\geq 5) = \text{NMTU} \text{ ou } \text{NAU} (\geq 5) = (\text{NMTU} + \text{NMTU}) / 2$$

II

Procedementos de Admisión aos estudos universitarios oficiais de Grao no SUG

4.- As universidades públicas do sistema universitario de Galicia acordan manter un sistema semellante ao actual que xa foi asimilado polo alumnado ao que se fai referencia no apartado anterior. Neste senso, polo tanto, a ordenación en cada un dos estudos universitarios oficiais de Grao nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia farase en función da **Nota de Admisión**, que poderá chegar ata un máximo de 14 puntos.

Con carácter xeral, a **Nota de Admisión** establecerase mediante a suma da Nota de Acceso á Universidade (NAU) e a cualificación vinculada ao Grao, resultante das ponderacións (0.1 ou 0.2) sobre a cualificación acadada nas materias obxecto de exame na Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da proba ABAU, no caso de que as devanditas materias fosen aprobadas con una nota mínima de 5.0 e estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo coa Táboa de ponderacións que figura como Anexo I establecida polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019. O resultado da Cualificación vinculada ao Grao ($M1 \times 0.1 \text{ ou } 0.2 + M2 \times 0.1 \text{ ou } 0.2$) será dun máximo 4 puntos.

4.1.- *Para os estudantes de Bacharelato LOMCE e aqueles estudantes aos que facía referencia a Disposición Transitoria Única da Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, de 22 de decembro (BOE nº 309, de 23 de decembro) que superen a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á universidade (ABAU):*

Nota de admisión = 0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2	
NMB =	Nota media do bacharelato
CPO =	Cualificación da Parte Obrigatoria da proba de avaliación do bacharelato para o acceso á Universidade
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da ABAU no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

4.2.- Para estudantes de bacharelato que superasen a PAU regulada polo RD 1892/2008, do 14 de novembro:

Nota de admisión = 0,6 * NMB + 0,4 * CFX + a * M1 + b * M2	
NMB =	Nota media do bacharelato
CFX =	Cualificación da Fase Xeral da PAU
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia troncal de modalidade correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da ABAU no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

4.3.- Para estudantes en posesión dos títulos de Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior Deportivo ou Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño a que se refiren os artigos 44, 53 e 65 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, ou títulos equivalentes:

O alumnado que estea en posesión dos títulos de Técnico Superior de Formación Profesional, Técnico Superior Deportivo ou Técnico Superior en Artes Plásticas e Deseño ou títulos equivalentes, poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, sen necesidade de proba. Aqueles que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Parte Voluntaria da ABAU.

Neste caso, as universidades do SUG utilizarán para a adxudicación de prazas a **nota de admisión** que corresponda, que se calculará coa seguinte formula:

Nota de admisión = NMC + a * M1 + b * M2	
NMC =	Nota media do Ciclo Formativo de Grao Superior
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de acceso das que se examinase o alumno/a que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria da ABAU para o acceso á Universidade que proporcionen mellor nota de admisión.

7

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria da proba ABAU no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

En todo caso, cando se produza empate para a adxudicación de prazas, terán opción preferente os estudantes con títulos adscritos ás ramas de coñecemento nas que se atopen as ensinanzas de grao que desexen cursar.

4.4.- *Para estudantes que teñan superada a PAU segundo normativas anteriores á establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio:*

A **nota de admisión** será a cualificación definitiva para o acceso á universidade que obtivesen no seu momento. Non obstante o anterior, aqueles que queiran aumentar a súa nota de admisión poderán presentarse á Parte Voluntaria da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade, e a nota de admisión calcularase do seguinte xeito:

Nota de admisión = CDAU + a * M1 + b * M2	
CDAU =	Cualificación definitiva de acceso acadada con anterioridade.
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

De ser o caso, a **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria da ABAU no caso de que estas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira seren admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos cursos académicos 2018-2019.

4.5.- *Estudantes que se atopen en posesión do título de **Bacharelato Europeo** en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e estudantes que obtivesen o **Diploma de Bacharelato Internacional**, expedido pola Organización de Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza).*

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED u órgano competente equivalente. Aqueles que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. De ser o caso, a súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas das materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión.
- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Parte Voluntaria da proba ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.6.- *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato procedentes de sistemas educativos de Estados membros da **Unión Europea** ou de outros **Estados** cos que haxa subscrito **acordos internacionais** aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade, sempre que ditos estudantes **cumpran os requisitos académicos** esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidades.*

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED u órgano competente equivalente. Aqueles que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas das materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión.
- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria da ABAU das que se examinase o alumno/a, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos

polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da PCE-UNED ou –de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.7.- *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos diferentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou de outros Estados cos que haxa subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade, cando ditos estudantes cumpran os requisitos académicos esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidade.*

A súa **nota de Acceso** será a **Nota da credencial** expedida por la UNED u órgano competente equivalente. Aqueles que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

- A ponderación dun máximo de dúas da materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED, que proporcionen mellor nota de admisión.
- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na proba ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias Proba de Competencias Específicas organizada pola UNED ou –de ser o caso- da Fase Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.8.- *Estudiantes extranjeros en posesión dos títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos oficiais de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo Superior pertencente al Sistema Educativo Español, sen prexuízo do disposto no artigo 4 do RD 412/2014, de 6 de xuño.*

A súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) será a Nota proporcionada pola súa credencial (NC) de avaliación ou homologación polo Ministerio de Educación, da credencial da UNED ou órgano competente equivalente.

Aqueles que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU), poderán presentarse á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Parte Voluntaria da ABAU. A súa **Nota de Admisión** incorporará:

10

- A ponderación de ata dúas materias da Proba de Competencia Específicas (PCE) organizada pola UNED das que se examinase o alumno/a e proporcionen mellor nota de admisión.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na proba ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NCR-UNED + a * M1 + b * M2	
NCR-UNED =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Fase Específica da PAU-UNED, da PAU-2016 ou da Fase Voluntaria da proba ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.9.- *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de **Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se teñan suscrito acordos internacionais** para o recoñecemento do título de Bacharelato en réxime de reciprocidade, homologados ou declarados equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema educativo Español.*

Para estes estudantes a súa **Nota de Acceso** será a **Nota proporcionada na súa credencial de avaliación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a credencial da UNED ou do órgano competente equivalente.**

Aqueles estudantes que desexen aumentar a súa Nota de Acceso á Universidade (NAU) **deberán presentarse** á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso- á Fase Voluntaria da ABAU. A súa Nota de Admisión incorporará:

- A ponderación de ata dúas materias das que se examinase o alumno/a na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED que proporcionen mellor nota de admisión.

- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NC-MECD + a * M1 + b * M2	
NCR-MECD ou UNED =	Nota Credencial de homologación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou órgano competente.
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou da Parte Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

4.10.- *Estudiantes en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de **Estados membros da Unión Europea** e de outros **Estados cos que haxa subscrito acordos internacionais** aplicables ao respecto, en réxime de reciprocidade, ou procedentes de sistemas educativos de **Estados que non sexan membros da Unión Europea cos que non se teñan subscrito acordos internacionais** para o recoñecemento do título de Bacharelato en réxime de reciprocidade, cando ditos estudantes **non cumpran os requisitos académicos** esixidos nos seus sistemas educativos para acceder as súas Universidade.*

Para estes estudantes a súa **Nota de Acceso** será a **Nota da Credencial**, expedida por la UNED u órgano competente equivalente, e **só serán admitidos ás ensinanzas universitarias nas que non se produza un procedemento de concorrencia competitiva** (é dicir, que haxa menos solicitudes que prazas ofertadas)

Aqueles estudantes que desexen solicitar a admisión a ensinanzas universitarias nas que se produza un procedemento de concorrencia competitiva (é dicir, que haxa máis solicitudes que prazas ofertadas), **deberán presentarse** á Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou, de ser o caso, á proba ABAU). A súa Nota de Admisión incorporará:

- A ponderación de ata dúas materias das que se examinase na Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED que proporcionen mellor nota de admisión.
- A ponderación dun máximo de dúas das catro materias da Parte Voluntaria das que se examinase o alumno/a na proba ABAU, que proporcionen mellor nota de admisión.

En todos os casos, as materias estarán adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2018-2019.

Nota de admisión = NPAU-UNED ou NFO-ABAU + a * M1 + b * M2	
NPAU-UNED ou NFO-ABAU =	Nota Credencial expedida pola UNED ou órgano competente
M1, M2 =	Cualificacións dun máximo de dúas das materias da Proba de Competencias Específicas (PCE) organizada pola UNED ou –de ser o caso– da Fase Voluntaria da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.
a, b =	Parámetros de ponderación das materias M1 e/ou M2 que proporcionen mellor nota de admisión.

III

Criterios específicos para a adxudicación de prazas nas Universidades públicas do SUG

5.- Segundo o establecido no artigo 22 do RD 412/2014, de 7 de xuño, as Universidades establecerán a orde de prelación na adxudicación das prazas, respectando as porcentaxes de reserva de prazas recollidos nos artigos 24 ao 28 do Capítulo V do dito Real Decreto.

5.1.- As prazas da **Cota Xeral** adxudicaranse aos estudantes que reúnan algún dos requisitos establecidos no punto 4 dos anteriores principios xerais (Procedemento de admisión), atendendo a súa Nota de Admisión.

5.2.- **Cotas de reserva:** Reservarase unha porcentaxe do total de prazas que para cada título e centro oferten as universidades para as cotas de reserva que se sinalan a continuación:

- a) **Maiores de 25 anos:** Segundo o establecido no artigo 24 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para Maiores de 25 anos de idade, reservarase un **2 por 100** do total de prazas que para cada título e centro oferten as Universidades.
- b) **Maiores de 45 anos:** Segundo o establecido no artigo 25 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para os estudantes que superasen a proba de acceso á universidade para Maiores de 45 anos de idade, reservarase un **2 por 100** do total de prazas que para cada título e centro oferten.
- c) **Titulados universitarios:** Segundo o establecido no artigo 28 do RD 412/2014, de 7 de xuño, para os estudantes que xa estean en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente, reservarase un **1 por 100** do total de prazas que para cada título e centro oferten.
- d) **Estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade:** Para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolaridade anterior precisasen de recursos

e apoios para a súa plena normalización educativa, reservarse o **5 por 100** das prazas totais de cada ensinanza universitaria.

A tal efecto, os estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade deberán presentar o correspondente certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de procedencia do interesado ou interesada.

13

e) **Deportistas de Alto Nivel ou de Alto Rendemento:** Para os deportistas de alto nivel ou de alto rendemento que acrediten esta condición, reservarse o **3 por 100** das prazas totais de cada ensinanza universitaria, agás nos casos das ensinanzas universitarias oficiais de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e grao en Fisioterapia en que se reservará un 8 por 100 do total. As prazas reservadas para este colectivo adxudicaranse tendo en consideración os seguintes criterios:

- 1º) Nota de Admisión
- 2º) Deportistas de Alto Nivel (Artigo 2.2. do RD 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel y alto rendimiento).
- 3º) Deportistas de Alto Rendemento (Artigo 2.3. do RD 971/2007, de 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel y alto rendimiento).

As cotas de reserva de prazas para os deportistas de alto nivel ou alto rendemento manteranse nas diferentes convocatorias de preinscrición que se realicen ao longo do ano.

Os deportistas de alto nivel ou alto rendemento estarán exentos da realización das probas específicas de acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

5.3.- As prazas obxecto de reserva que queden sen cubrir acumularanse ás ofertadas polas universidades pola cota xeral, en cada unha das convocatorias de preinscrición, agás o disposto para os deportistas de alto nivel no artigo 27 do Real decreto 412/2014, do 6 de xuño.

6.- Orde de prelación na adxudicación das prazas.

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que se produza un procedemento de concorrencia competitiva, é dicir, en que o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas, as universidades adxudicarán as prazas atendendo aos seguintes criterios:

1º) En primeiro lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en convocatorias ordinarias ou extraordinarias de anos anteriores.

2º) En segundo lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes que reúnan os requisitos académicos para o acceso á universidade na convocatoria extraordinaria do ano en curso.

En todo caso, deberase ter en conta que o alumnado que presente na convocatoria extraordinaria a súa solicitude de admisión para o ingreso, terá prioridade de setembro na adxudicación de prazas, aínda que superase a proba de acceso á universidade ou os estudos que o habiliten para acceder á universidade na convocatoria ordinaria do ano en curso ou en anos anteriores.

3º) En terceiro lugar, adxudicaranse prazas aos estudantes sinalados na alínea 4.11 do punto 4 que non superasen –segundo corresponda- a Proba de Competencias Específicas organizada pola UNED ou, no seu caso, a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) organizada por calquera das universidades públicas españolas.

7.- Asignación de prazas.

7.1.- A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria en cada un dos prazos de matrícula que se establezan. A cada estudante asignáraselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

7.2.- En cada prazo de matrícula publicarase a relación de estudantes admitidos para matricularse en cada ensinanza universitaria, indicando os lugares e as datas para formalizar a matrícula. Os estudantes admitidos para matricularse na ensinanza universitaria solicitada en primeiro lugar de preferencia, deberán matricularse no prazo establecido para o efecto; de non facelo perderán os seus dereitos de matrícula nesa convocatoria. Enténdese por primeira preferencia aquela que o alumnado solicite en primeiro lugar, ou en lugares sucesivos se as ensinanzas universitarias solicitadas por enriba dela esgotaron as súas prazas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirá telematicamente a cada universidade os datos persoais e académicos dos estudantes admitidos a matricularse nela en cada prazo. Finalizado o prazo de matrícula, cada universidade remitirá telematicamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a relación de estudantes matriculados.

7.3.- Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán prazas nas ensinanzas universitarias que teñan a matrícula cuberta na convocatoria ordinaria, ou aquelas nas que, tendo en conta a matrícula existente e a correspondente lista de agarda de solicitantes, a CiUG considere que existen datos obxectivos que permitan prever esa circunstancia. En todo caso, non se poderán deixar prazas vacantes previamente ofertadas mentres existan solicitudes formalizadas dentro dos prazos establecidos.

7.4.- As universidades poderán establecer condicións ou probas especiais para o acceso a determinadas ensinanzas. Estas condicións ou probas especiais deberán ser incluídas polas universidades na memoria do plan de estudos verificado e autorizado.

7.5. O alumnado poderá presentar reclamación á súa asignación de prazas no LERD en que presentou solicitude de acceso. A dita reclamación irá dirixida ao presidente da CiUG e a resolución da reclamación será asinada polo delegado na CiUG do reitor da universidade en que se imparta a ensinanza universitaria obxecto da reclamación. O resultado comunicaráselle ao interesado ou interesada a través das listaxes de asignación de prazas ou dunha notificación persoal e indicárase, se é o caso, o prazo para matricularse.

Contra a resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia CiUG, que porá fin á vía administrativa. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

No caso de presentar recurso contencioso-administrativo, a Administración demandada será a universidade responsable da ensinanza universitaria en que o estudante solicita o ingreso. No caso de demanda, a responsabilidade en materia de persoal corresponderá a cada universidade.

.....

ANEXO I

**TÁBOA DE PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS
DE OPCIÓN E TRONCAL DE MODALIDADE PARA O ACCESO
ÁS ENSINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO DOS
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA
(CURSO 2018 – 2019)**